

ACTA DO XURADO DA CONVOCATORIA DE IDEAS PARA MELLORAR A CIDADE COA CHEGADA DO AVE.

Reunidos o día 25 de xuño as 13 horas nos locais da delegación de Santiago de Compostela do Colexio de Arquitectos de Galicia

D. Manuel Gallego Jorreto, actuando de presidente do Xurado
D. Andrés Precedo Ledo
D. Suso de Toro e
D. Jorge Duarte Vázquez, presidente da delegación de Santiago do COAG, actuado como secretario, con voz pero sen voto

Despois de realizar unha análise das propostas presentadas á convocatoria

- CIVIFILIA
- POPATIK
- VIDEO
- ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO
- PROXECTO DE ESTACIÓN INTERMODAL DE COMPOSTELA
- 7SMJV09
- NIGHTTRAIN
- ENCRUCILLADA
- AluaTRTJ
- TIC-TAC-TAC
- CARRIL BICI
- PRAZA DE GALICIA

E de realizar unha reflexión sobre as implicacións da chegada do Ave a Santiago e as posibilidades que se presentan para a mellora da cidade e vista do proxecto de Convenio entre as administracións.

Faise a seguinte apreciación dos traballos presentados:

CIVIFILIA: Agradecese a visión crítica sobre as actuacións previstas as súas implicacións e a súa posición ética respecto a arquitectura e as intervencións no territorio "unha toma de posición a favor da austeridade e da contención contra un exceso de formalización".

POPATIK: é unha proposta moi aberta, imaxinativa e valorase a súa preocupación pola mobilidade e conexión entre as distintas zonas da cidade.

VIDEO: Valorase o esforzo da proposta por soterrar as vías do tren.

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DEO CAMIÑO DE SANTIAGO: Mostra unha visión xeral polas conexións e a mobilidade na cidade.

PROXECTO DE ESTACIÓN INTERMODAL DE COMPOSTELA: Valorase a aposta que se fai por entender as diversas escalas do transporte ferroviario, contra a omnipotencia da alta velocidade.

7SMJV09: É unha proposta moi traballada sobre a superación da barreira que supoñen a Avenida de Lugo e as vías de ferrocarril, aínda que sen entrar a fondo no tema da propia estación.

NIGHTTRAIN: Proposta moi interesante que valora a importancia das Brañas de Sar, integrando na estación intermodal o vial que discorre mais próximo a elas, e propoñendo unha ordenación racional dos usos previstos, mantendo a posibilidade de manter a estación actual.

ENCRUCILLADA: Comparte parte dos criterios anteriores, mantendo a marquesiña actual integrada dentro da nova estación e propón unha conexión axeitada da cidade con Brañas de Sar e toda a parte Sur da cidade.

AluaTRTJ: propón unha liña similar as anteriores dando resposta aos obxectivos e plantexando e reflexión das comunicacións a nivel territorial.

TIC-TAC-TAC: fai unhas reflexións moi interesantes sobre todos os temas presentes na convocatoria, incidindo nalgúns propostas máis novedosas, como a imaxe da cidade que percibe o viaxeiro ao chegar no tren.

CARRIL BICI: Valorase o interese pola implementación do uso da bicicleta como transporte urbano diferenciado e sostible.

PRAZA DE GALICIA: Valorase a necesidade de realizar un estudo sobre o tráfico no entorno da Praza de Galicia, estudo da mobilidade necesario previo a calquera intervención sobre ese espazo.

De entre tódalas proposta o xurado decide por unanimidad a selección das seguintes:

PROXECTO DE ESTACIÓN INTERMODAL DE COMPOSTELA
Presentada por: Asociación Compostelán de Amigos do ferrocarril

NIGHTTRAIN

Presentada por: Ramón Vieitez Rodríguez
Noemí Díaz Patiño
Patricia Gladys Varela Wéber

Colaboradores: Yolanda Cabaleiro Barroso
Sandra González Rial.
Ruben fernández lombardero

Alfonso Fernández Cao.
Adolfo Vieitez Vázquez

ENCRUCILLADA.

Presentada por: Alfonso Fernández Cao.
Colaboradores: Yolanda Cabaleiro Barroso
Sandra González Rial.
Ruben fernández lombardero
Patricia Gladys Varela Wéber
Ramón Vieitez Rodríguez
Adolfo Vieitez Vázquez

AluaTRTJ

Presentada por: Joaquin Gutiérrez Sousa.
Colaboradores: Alfonso Fernández Cao.
Yolanda Cabaleiro Barroso
Sandra González Rial.
Ruben fernández lombardero
Patricia Gladys Varela Wéber
Ramón Vieitez Rodríguez
Adolfo Vieitez Vázquez

Tic-Tac-Tac.

Presentada por: Jose Carlos Iglesias Fernández
Betania Cabo Yáñez
Minia Bravo Pintos
Carolina Jack Lago
Raimundo Caltagirone
Juan Morales Herreros

Estas propostas seleccionadas terán a posibilidade de expor as súas ideas nunha presentación pública das ideas gañadoras que se fará nunha sala da Cidade.

As propostas Nigahttrain, Ecrucillada e AluaTRTJ, farán unha presentación común ao responder a unha mesma liña de traballo resolta finalmente con diferentes posibilidades.

E para que conste, a os efectos oportunos firmamos o presente acta, as 19:00 horas do 25 de xuño de 2009,

D. Manolo Gallego Jorreto

D. Andrés Precedo Ledo

D. Suso de Toro

D. Jorge Duarte Vázquez